

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PONTEAREAS

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA DO NOVO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO
DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA*

ANUNCIO

*APROBACIÓN DEFINITIVA DO NOVO TEXTO DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO
DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA*

A Corporación municipal do Concello de Ponteareas, en sesión ordinaria levada a cabo o día 20 de novembro de 2018, acordou a aprobación definitiva do novo texto da ordenanza fiscal reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica, con resolución expresa da reclamación presentada á aprobación inicial, durante o período de exposición pública. En cumprimento do artigo 17 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, publícase o texto íntegro da modificación:

**“ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS
DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM)**

ARTIGO 1.—NATUREZA E FUNDAMENTO

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo municipal, directo e obrigatorio regulado nos artigos 92 a 99 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR. da Lei Reguladora das Facendas Locais) e conforme á presente Ordenanza.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible deste imposto a titularidade de vehículos de tracción mecánica, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2. Considérase vehículo apto para a súa circulación o que estivese matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non tivese causado baixa nos mesmos. Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3. Non están suxeitos a este imposto:



Luns, 17 de decembro de 2018

Núm. 241

a) Os vehículos que tendo sido dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desa natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica nos que a carga útil non sexa superior a 750 kg.

ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria a nome de quen figure o vehículo no permiso de circulación.

ARTIGO 4.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. En relación coa concesión de exencións e bonificacións estarase ao disposto nos artigos 93 e 95.6 do RDL 2/2004 de 5 de marzo.

2. En relación á exención por discapacidade establecida no artigo 93.1.e) do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, deberanse xustificar os seguintes extremos:

2.1. No caso de vehículos matriculados a nome de discapacitados para o seu uso exclusivo e conducidos por eles mesmos:

a) Copia do documento que acredite de xeito fiable a identidade do solicitante (DNI, NIE,...)

b) Copia do certificado acreditativo da discapacidade.

c) Copia do permiso de condución do discapacitado.

d) Copia do permiso de circulación no que figure como titular do vehículo o beneficiario da exención.

e) Copia da póliza do seguro en vigor do vehículo, no que deben coincidir o titular deste e o condutor habitual do vehículo.

f) Copia do xustificante de pagamento do seguro do vehículo.

g) Declaración xurada de uso exclusivo polo beneficiario da exención.

h) Declaración xurada de que non é beneficiario doutra exención das mesmas características por outro vehículo.

2.2. No caso de vehículos matriculados a nome de discapacitados para o seu uso exclusivo destinados ao seu transporte:

a) Copia do documento que acredite de xeito fiable a identidade do solicitante (DNI, NIE, ...)

b) Copia do certificado acreditativo da discapacidade.



Luns, 17 de decembro de 2018

Núm. 241

c) Copia do permiso de circulación no que figure como titular do vehículo o beneficiario da exención.

d) Declaración xurada de uso exclusivo para o transporte do beneficiario da exención.

e) Declaración xurada de que non é beneficiario doutra exención das mesmas características por outro vehículo.

Para a exención regulada no parágrafo anterior, o certificado acreditativo da discapacidade entenderase entregado ben mediante a achega do certificado emitido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia ou por acreditar a condición de discapacitado nos termos previstos no Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a través da presentación de calquera dos seguintes documentos:

i. Resolución ou certificado expedido polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO) ou órgano competente da Comunidade Autónoma correspondente.

ii. Resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) recoñecendo a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez.

iii. Resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa recoñecendo unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

3. En relación á exención establecida para vehículos provistos da Cartilla de Inspección Agrícola, regulada no artigo 93.1.g) do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán presentar a devandita Cartilla no momento da súa alta na Xefatura Provincial de Tráfico, obviando así o pagamento do imposto e a solicitude expresa de exención, sen prexuízo das facultades revisoras da Administración Tributaria.

4. Establécese unha bonificación do 100 por cen para os vehículos que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar. Se existiran dúbidas sobre a data de fabricación, esta deberase acreditar con certificado expedido pola firma fabricante. A bonificación será declarada de oficio pola Administración tributaria competente de acordo coa información óbrante no rexistro de datos da Dirección Xeral de Tráfico respecto da antigüidade do vehículo.

5. Establécese unha bonificación do 75 por cen na cota do imposto para os vehículos eléctricos e/ou de emisións nulas de CO₂, durante un prazo dos catro anos seguintes ao da primeira matriculación do vehículo. Os interesados deberán presentar ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalguna das categorías previstas neste apartado.

6. Os vehículos das clases turismos, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses e autocares, gozarán dunha bonificación do 50 por cen nos termos en que se dispón, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos seguintes:



Luns, 17 de decembro de 2018

Núm. 241

a) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel ou eléctrico-gas) que estean homologados como tales de fábrica.

Estes vehículos gozarán da bonificación durante un prazo de catro anos seguintes ao da primeira matriculación do vehículo, en tanto manteñan as circunstancias de cualificación.

b) Que se trate de vehículos novos sen matricular, clasificados como turismos de motor de gasolina ou diesel, cuxa marca e modelo se inclúan entre os vehículos máis eficientes con cualificación de Eficiencia Enerxética A) nos termos do Real Decreto 837/2002, de 2 de agosto.

Aplicarase esta bonificación a vehículos novos que, aínda non estando cualificados de Eficiencia Enerxética A), as súas emisións de CO₂ non sexan superiores a 90 g/km.

Estes vehículos gozarán da bonificación durante o exercicio no que se produza a matriculación e o seguinte, en tanto manteñan as circunstancias de cualificación, motor e/ou emisións sinaladas que os fixeron acredores a esta bonificación.

c) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol ou hidróxeno.

Aplicarase esta bonificación a vehículos adscritos a licenzas de autotaxi que utilicen combustible GLP (gases licuados do petróleo).

Estes vehículos gozarán da bonificación durante o exercicio no que se produce a matriculación e no seguinte.

7. Os beneficios de carácter rogado producirán efectos para o mesmo exercicio da súa solicitude, sempre que fosen presentadas antes da data na que finaliza o período de alegacións á exposición pública do correspondente Padrón.

Declarada a bonificación pola administración municipal, se expedirá un documento que acredite a súa concesión

ARTIGO 5.—COTA DO IMPOSTO

O imposto esixirase consorte ao cadro de tarifas incluído como Anexo da presente Ordenanza.

ARTIGO 6.—PERÍODO IMPOSITIVO E DEVINDICACIÓN

1. O período impositivo coincide co ano natural agás no caso de primeira adquisición do vehículo no que comezará o primeiro día do trimestre natural en que se produce a antedita adquisición.

2. O imposto devindicarase o día 1 de xaneiro de cada ano agás que se trate de primeira adquisición. Neste caso o imposto devindicarase o día da alta na Xefatura Provincial de Tráfico.

3. A cota do imposto ratearase por trimestres naturais nos supostos de primeira adquisición, baixa definitiva ou baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo.



Luns, 17 de decembro de 2018

Núm. 241

4. As alteracións no imposto consecuencia de transferencia ou cambio de domicilio producirán efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se produza a alteración no rexistro da Dirección Xeral de Tráfico.

ARTIGO 7.—XESTIÓN DO IMPOSTO

A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria corresponde ao concello do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou no seu defecto no domicilio que figure no rexistro de vehículos da Dirección Xeral de Tráfico, sen prexuízo da súa encomenda no Órgano de xestión e recadación onde o concello teña delegado este servizo.

No caso de primeiras adquisicións de vehículos ou cando estes se reformen de maneira que altere a súa clasificación para os efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán na oficina xestora, con carácter previo a súa matriculación na Xefatura Provincial de Tráfico, autoliquidación do imposto que conterá os elementos da relación tributaria que sexan imprescindibles para a liquidación procedente, segundo o modelo que corresponda. En todo caso, acompañarase certificado das características técnicas do vehículo e Número de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional en tanto que, pola oficina xestora, non se comprobe que a mesma se efectuou mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do imposto.

ARTIGO 8.—PAGAMENTO DO IMPOSTO

No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pagamento das cotas anuais do imposto realizarase de acordo co calendario fiscal aprobado ao efecto.

No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das correspondentes tarifas realizarase mediante o sistema de Padrón anual no que figurarán todos os vehículos suxeitos ao imposto que consten inscritos no correspondente Rexistro Público a nome das persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

O Padrón exporase ao público polo prazo de un mes para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ao público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e producirá efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

O pagamento do imposto acreditarase mediante documento expedido polo Concello ou polo Servizo encargado da Xestión e Recadación de dito imposto.

ARTIGO 9.—INFRACCIÓN E SANCIÓNS

En todo o relativo a infraccións tributarias e as súas cualificacións, así como as sancións que correspondan estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.



Luns, 17 de decembro de 2018

Núm. 241

ARTIGO 10.—DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir de 1 de xaneiro de 2018 e continuará en vigor en tanto non se proceda a súa modificación ou derogación expresa.

A aprobación da presente ordenanza levará consigo a derogación expresa de cantas disposicións municipais que afecten ao Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e contraveñan o disposto no presente articulado.”

ANEXO DE TARIFAS

O imposto esixirase consorte ao seguinte cadro de tarifas:

POTENCIA E CLASE DE VEHÍCULO	COTA
A) Turismos	
De menos de 8 cabalos fiscais	16,85 €
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	45,50 €
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	102,29 €
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	128,80 €
De 20 cabalos fiscais en adiante	162,38 €
B) Autobuses	
De menos de 21 prazas	124,95 €
De 21 a 50 prazas	177,96 €
De máis de 50 prazas	222,45 €
C) Camións	
De menos de 1.000 kg de carga útil	63,42 €
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	124,95 €
De 3.000 a 9.999 kg de carga útil	177,96 €
De máis de 9.999 kg de carga útil	222,45 €
D) Tractores	
De menos de 16 cabalos fiscais	23,59 €
De 16 a 25 cabalos fiscais	37,07 €
De máis de 25 cabalos fiscais	111,21 €
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica	
De 750 a 1.000 kg de carga útil	26,51 €
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	41,66 €
De máis de 2.999 kg de carga útil.	124,95 €
F) Outros vehículos	
Ciclomotores	5,90 €
Motocicletas de ata 125 c.c.	5,90 €
Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	10,11 €
Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	22,73 €
Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 c.c.	45,44 €
Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	90,87 €

RECURSOS. Contra o presente acordo os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dos meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez

(documento asinado electronicamente)

